

NUM. 04/2017

ACTA DA SESION ORDINARIA DE PLENO DE DATA 16 DE MAIO DE 2017

En Soutomaior, a 16 de maio de 2017, sendo as nove horas e previa convocatoria ó efecto, reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^a Margarita Mariño Pérez e da Secretaria-Interventora Adxunta, D.^a Elena Reboredo Fernández, para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Ausente: D.^a María Menduiña Durán

D.^a Cristina González Piedras abandona a sesión as 9:40 horas, no transcurso do 2º punto da orde do Día.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 03/17

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 03/17, de data 30 de marzo de 2017.

O Sr. Lourenzo Sobral di que van votar en contra porque non se reflexan os debates das Dacións conta.

A devandita acta é aprobada con oito votos a favor (dos membros do grupo político PP e da membro do GM) e catro en contra (dos membros do grupo político BNG).

2º.- ORZAMENTO XERAL 2017

Dáse conta do Ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda que di:

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía que di:

Confeccionado o Orzamento do Concello para o exercicio 2017, de acordo có art. 168 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con tódolos documentos expresados no mesmo, unha vez incorporados ao expediente os informes da Secretaría e da Intervención, sometido á Mesa de Negociación e previo ditame da comisión competente, elévese á consideración do Pleno, de conformidade có art. 22.2 da Lei 7/85, de 2 de abril e 1168.4 da Lei 39/88, de 28 decembro:

1.- Aprobar inicialmente o Orzamento para o ano 2017, cós anexos que no mesmo constan, ascendendo tanto no estado de ingresos como no estado de gastos á cantidade de CATRO MILLÓNS TRESCENTOS VENTICINCO MIL CATROCENTOS VENTITRES (4.325.423€).

2.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento.

3.- Aproba-la relación de postos de traballo, segundo a Memoria

xustificativa da modificación da RPT, constando as seguintes modificacións respecto á actual:

- a) Creación de dúos postos de funcionarios/as:
 - Director/a psicolog@ Centro Información a Muller
 - Axente Emprego e Desenvolvemento Local
- b) Nova valoración do complemento de posto de traballo do Encargado de servizos varios atendendo a súa especial dedicación e aumento de funcións.
- c) Aumento da xornada laboral da praza do Bibliotecario/a a xornada completa, e como consecuencia as súas retribucións.

4.- Aprobar a plantilla de persoal

5.- Expoñer ó público durante un prazo de quince días, mediante edito no B.O.P. a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6.- No suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumidos por capítulos no B.O.P. e no Taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla de persoal e a relación de postos de traballo.

7. - Remitir copia do referido Orzamento á Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma.

Pola Secretaria-Interventora Adxunta faise constar que, como resultado da preceptiva Mesa de Negociación previa á aprobación do orzamento, que tivo lugar o día 3 de maio de 2017, modificouse, con respecto ás previamente enviadas ós membros da Corporación, a **Base 22 das Bases de Execución do Orzamento Xeral 2017 Complemento de Produtividade, punto 1 último parágrafo, quedando redactado do seguinte xeito: "O período no que un/ha empregad@ municipal non acuda ao posto de traballo por causa de enfermidade, accidente o calquera outra causa, aínda que estea xustificad@, excepto no caso de baixa por maternidade, non contará a efectos de complemento de produtividade, reducíndose proporcionalmente o complemento semestral en cada un dos criterios obxectivos que proceda por o período de ausencia por este motivo salvo o do punto A), por considerar que a produtividade retribúe condicións que non pode darse en períodos de inactividade**

Rematado o debate, a Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Proposta nos seus propios termos

DEBATE

O Sr. Alcalde di que traen para a súa aprobación os presupostos de 2017, estando prorrogados actualmente os do 2016. O importe de ingresos e gastos do presente orzamento ascende a 4.325.423 €. En consecuencia o referido proxecto non presenta déficit inicial, co que se cumpre o art. 18 do RD 500/90. Elaborouse un orzamento equilibrado, onde non se gasta máis do que se ingresa, e onde sigue sen contemplarse reembolsos de préstamos, xa que non se formalizou ningún. Os gastos foron propostos de acordo cos ingresos que se prevén para o ano en curso, caracterizándose en



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

todo momento pola súa racionalidade, a súa prudencia, e sobre todo pola súa coherencia coas políticas previstas supeditadas á realidade económica e social. Tratan que o obxectivo fundamental destes presupostos sexa o mantemento e mellora das actuacións de protección e promoción social, como a asistencia social primaria, onde se inclúe a acción social que pasa de 287 a 308 mil euros cun incremento de máis de 20 mil euros, e manténdose a axuda a material escolar e a axuda o transporte escolar, increméntanse as partidas de muller e igualdade, xuventude e fomento do emprego. Comunica que solicitouse un novo obradoiro de emprego e que o actual está funcionando moi ben e varios [alumn@s](#) teñen traballo os fins de semana. Os Servizos municipais básicos como son o saneamento, abastecemento, e recollida e tratamento de residuos, alumeados públicos o medioambiente e os parques e xardíns increméntanse en máis de 100 mil euros, con inversións en saneamentos (Montesiña), e en mellora do patrimonio en Lourido, Montesiña, Moreira e Lavandeira, actuacións en mellora de alumeado público, acondicionamento das praias con area de acordo coa Cofradía, e tamén merca de composteiros individuais. Increméntanse de forma notable as partidas de cultura e deportes, a bibliotecaria pasará a xornada completa; unha partida de 6.000 euros para a escola de música e outra para editar un libro sobre a figura de Maruxa das Cortellas (muller singular que tocaba o pandeiro cadrado), inversións nos vestiarios de Salgueirón e nova pista de Paddel na Montesiña, ademáis de manter as escolas deportivas e as actividades de verán. Mantense unha partida do transporte metropolitano, polo que siguen apostando, e esperan que en breve tamén poidan contar co de Pontevedra. En infraestruturas, queren seguir mantendo en bo estado todo o viario municipal así como novas inversións en Aranza, Comboa, Samean e Lourido. Ademáis anuncia que se están redactando os proxectos de mellora do acceso o Peirao e a primeira fase das “aceras” en Arcade de Riba que se financiarán cunha modificación de crédito, ademáis do acceso a Biblioteca municipal. Este ultimo será probablemente con subvención da Xunta a través de melloras de accesos municipais, e senón con recursos propios. Seguiran mantendo e mellorando toda a rede Wifi do Concello que tanta labor fai. Non se contempla débeda, e creen que son uns orzamentos adaptados as necesidades reais do noso Concello, e que contempla actuacións en case todos os lugares ou barrios. Probablemente non sexan os perfectos, pero é seu punto de vista que pode parecer ben ou mal, pero é o seu. Creen que é moi realista e tratan que se contemplen as partidas que poidan mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas coas obras, Servizos e actividades propostas.

O Sr. Lourenzo Sobral di que en relación de actuacións que se van facer, con algunha están de acordo e incluso algunha responde á solicitudes presentadas por eles no Pleno. Pero non reflexa un proxecto global para este Concello, polo que vai expoñer a continuación: Estamos no mes de maio e o orzamento chega cinco meses tarde. Agora deberían estar pensando en medidas de cara ao orzamento de 2018. Un goberno con maioría absoluta que teña que estar prorrogando o orzamento reflexa a desidia dun goberno que non fixo os deberes. O orzamento reflexa a falta de ilusión, de ganas e de capacidade para que este Concello teña un proxecto para mellora-la vida da veciñanza de Soutomaior. Ningunha partida foi consensuada, nin se tivo a intención de contar cos grupos da oposición ou cós veciños, non houbo ningunha intención de chegar a un acordo. Reflexa un equipo de



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

gobierno máis preocupado polo PP que pola veciñanza, tal como explican a continuación. 1º.- O orzamento debe ser participativo. Máis alá da aritmética do Pleno, qué problema habería en convocar a asociacións de veciños e grupos da oposición, para conseguir uns orzamentos que sexan reflexo dos intereses da veciñanza. Isto faise en moitos sitios, incluso en Concellos nos que goberna o PP. Eles como oposición porían os intereses dos veciños de Soutomaior por riba de calquera outra cousa. 2º: Orzamentos que chegan 5 meses tarde. Se lles dixo que se lles iba a chamar para intentar chegar a un acordo. Non só non os chamaron, senón que se enteran das liñas do orzamento pola prensa. 3º: Os orzamentos deber ser concretos e transparentes. Hai cuestións que non aparecen de xeito concreto, ou non están. Ambigüidade e denominacións absolutamente xenéricas o que fan imposible a facultade de fiscalización por parte da oposición. Por exemplo, non se reflexa a partida da Festa da Ostra. O final é un orzamento que o único que cumpre son os aspectos legais. Pregunta: o Pleno aprobou hai un tempo unha Moción para organizar unhas xornadas de promoción do sector vitivinícola de Soutomaior, e quere saber en qué partida está e canto é o que se presuposta. Son uns orzamentos abstractos de imposible fiscalización. Por iso despois hai que estar facendo modificacións, cambios de un lado a outro. 4º: Riguroso, hai partidas fundamentais como investimentos, que se reducen con respecto ó ano pasado. Falta de concreción nos investimentos das zonas urbanas. O único que aparece ben reflexado é o Proxecto do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, por razóns obvias. O Gasto Corrente é elevadísimo, 60% do orzamento. Con moitas poderían estar de acordo, pero hai unha falta de concreción absoluta. Non hai un proxecto de base. Actuacións illadas que responden máis a un proxecto electoral que a un proxecto de Concello. Fomento do emprego: cantidade miserable, dada a situación na que estamos. 5º: O orzamento debe ser veraz. O anuncio do equipo de goberno de conxelación das taxas é abraiante. O IBI pasou en novembro de 2015 do 0,45 ó 0,54, e ademais o Alcalde pediu un valorización do 10% de incremento dos valores, e isto é algo obxectivo. Di que está patidifuso de ler na prensa que os veciños continúan pagando o mesmo. O que non din é que os veciños deberían pagar o 33% menos. Todo iso sen ter en conta o catastrazo. Co cambio da ordenanza fiscal en novembro de 2015, o IBI evolucionou do seguinte xeito: IBI Ano 2015: 550.000 € de recaudación; IBI 2016: case 800.000 € de recaudación; previsión IBI no 2017: 688.000 €. Incremento do 25% entre o 15 e o 16, é non hai vivenda nova para xustificar esa subida. Por outra banda, hai taxas que poderían substituírse por liñas do Plan Concellos, pero non o fan. En relación coa relación de postos de traballo, non entenden a creación de prazas de funcionarios por Sentencia do persoal laboral fixo. Lles gustaría saber por qué se fai isto que non beneficia nada aos traballadores. O grupo do BNG se pon a disposición do goberno para mellorar as condicións de vida da veciñanza de Soutomaior. Se o equipo de goberno quere facer uns orzamentos a favor da veciñanza, eles están en total disposición para facelo.

O Sr. Alcalde di que a relación de postos de traballo foi falado na Mesa de Negociación cos sindicatos.

A Secretaria do Concello di, en relación a pregunta sobre as novas prazas de [funcionari@s](mailto:funcionari@soutomaior.es) na RPT, que o establece así a Lei de emprego público de Galicia.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai outras interpretacións.

O Sr. Alcalde di que discrepan en moitas cousas do orzamento. Non están de acordo con que non se falara con xente. Falouse con moitas asociacións, como por exemplo a Asociación veciñal de Lourido, Comunidade de Montes da Montesiña, Asociación veciños de Aranza, Directiva Clube Deportivo Arcade, Directiva do Clube de Paddel, Asociación veciños Sameán, Asociación veciños Comboa, coa Cofradía de Pescadores e coa Escola de Música. En educación diminúen nun apartado e incrementan en outro, a partida é maior. Son orzamentos que se adaptan a Soutomaior. Todas as administracións aportan, non solo a Deputación de Pontevedra. En impostos, levaban no programa electoral que non iban a subir os impostos e o manteñen. A xente pode comparar o que pagan de IBI entre un ano e outro. É certo que quizá se podían haber aprobado un pouco antes pero estaban pendentes das modificacións dos ingresos do Estado. Se seguía funcionando co orzamento 2016 prorrogado. Tiveron a Comisión informativa para poder opinar.

O Sr. Lourenzo Sobral di que trátase de aproximar posturas, non queren cambiar a forma de pensar do grupo político do PP. O que tratan é de chegar a acordos. Agora está máis preocupado no aspecto da participación, porque parece que falaron con moita xente pero non con eles, que son representantes lexítimos da veciñanza, os excluiron. A mellor maneira de facer política é tratar de que todos os grupos poidan facer achegas. A cuestión do Sector Vitivinícola non se lles contestou.

O Sr. Alcalde di que non está incluído de forma concreta.

O Sr. Lourenzo Sobral di que na propia Moción aprobada polo Pleno se dicía que deberían empezar a traballar xuntos nese sentido. Hai cuestións que deben ser respetadas. Outra vez a man tendida ao grupo de goberno. Coa falta de concreción dos orzamentos non se pode coñecer que se vai facer. Así poden facer e desfacer como lles dá a gana. Deputación, é curioso que agora sendo unha Deputación de signo contrario haxa un reparto equitativo. Impostos, se ven o recibo de antes da aprobación da Ordenanza, se ve que houbo unha subida. Os veciños deberían estar pagando menos, o 0,33%. Para traballar pola veciñanza non sobra ninguén. E lle parece que iso é o que a veciñanza agarda de eles.

O Sr. Alcalde di que repetiu tres veces que os orzamentos son para mellorar a vida dos veciños e veciñas. Reciben cartos de todas as Administracións. Que non contan con eles?, exemplo: ordenanza de rúidos, dúas comisións, pero aínda non recibiron ningunha aportación ó respecto. Se lles pasou hai máis de catro meses. Pide que cando se trata de que aporten, aporten e non o deixen ahí.

O Sr. Lourenzo Sobral di con respecto á ordenanza de rúidos que traen á Comisión unha chapuza que non hai por donde collela. Se lles debería derreter a cara de vergoña pola chapuza que é.

O Sr. Alcalde di que están todavía pendentes de que envíen as achegas á ordenanza.

O Sr. Lourenzo Sobral di que eles non teñen que enviar nada, o Alcalde debe convocar outra Comisión e nela se fala e traerán as achegas. Propón que o próximo día se xunten e revisen a ordenanza, esa é calquera.

VOTACIÓN

Con seis votos a favor (dos seis membros presentes do grupo político do PP) e cinco votos en contra (dos catro membros presentes do grupo

político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

3º.- DACIÓN CONTA INFORME PERIODO MEDIO DE PAGO 1º TRIMESTRE 2017 (EXPTE 460/2017)

Se da conta do informe da Secretaria-Interventora Adxunta, de data 28 de abril de 2017, que di:

INFORME PERÍODO MEDIO DE PAGO 1º TRIMESTRE 2017

1. O disposto no seguinte informe, é de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do TRLCSP, a Administración terá a abriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obras ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados. Para o caso das certificacións finais de obras, o prazo será de dous meses desde a súa expedición (artigo 166 do RLCAP) e de sesenta días para as liquidacións de obra (artigo 235.3 TRLCSP).

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os xuros de mora así como a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na LM.

2. Establece o artigo cuarto da lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, por a que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LMLMOP), que os tesoureiros ou no seu defecto, os interventores das corporacións locais, elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pago das abrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das abrigas pendentes nas que se está incumprindo o prazo

En dito informe considéranse a totalidade dos pagos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade de facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do mesmo.

3. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local [*tales órganos poderán requirir igualmente a remisión dos citados informes*].

4. Con data 30 de xullo de 2014 deuse publicidade no BOE ao Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento, previstos na LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. O seu artigo 6.2 establece a abriga para as corporacións locais de remitir ao Ministerio de



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Facenda e publicar periodicamente, a información seguinte relativa ao seu período medio de pago a provedores referido ao trimestre anterior:

"a) El período medio de pago global a provedores mensual y su serie histórica mensual.

b) El periodo medio de pago mensual de cada entidad y su serie histórica mensual

c) La ratio mensual de operaciones pagadas de cada entidad y su serie histórica mensual

d) La ratio de operaciones pendientes de pago mensual de cada entidad y su serie histórica mensual."

À súa vez, a Disposición Transitoria Única de dito Real Decreto establece que as corporacións no suxeitas aos artigos 111 e 135 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, publicarán e comunicarán a información referida a cada trimestre do ano, antes do día trinta do mes seguinte á finalización do trimestre.

Para a elaboración do presente informe seguiuise a Guía elaborada polo Ministerio de Economía e Facenda, publicada en setembro de 2014 a través da Plataforma habilitada na Oficina Virtual de Coordinación coas Facendas Territoriais do MEH.

A metodoloxía de cálculo do Período Medio de Pago relativo ao 1º trimestre de 2017 arroxa segundo o anterior, os seguintes datos:

<i>Importe operaci3ns pagadas</i>	<i>Ratio de operaci3ns pagadas</i>	<i>Importe pagos pendientes</i>	<i>Ratio de operaci3ns pendientes</i>	<i>Período medio de pago (PMP)</i>
625.721,65	-12,49	136.733,11	-18,60	-13,59

O período medio de pago, que coincide co Global ao tratarse soamente da entidade Concello de Soutomaior cumpre a normativa de morosidade.

Non se abonaron xuros de demora no período de referencia.

Do presente informe se de conta ao Pleno do Concello, e se proceda á inserción na páxina web do concello e se de traslado aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, e ao órgano competente da Xunta de Galicia a través do correo electrónico:

'tutela.entidades.localis@conselleriadefacenda.es'

O Sr. Alcalde explica que a media de pago é de 13 días antes do prazo establecido como tope, polo que se cumpre coa lei.

O Pleno do Concello se da por enterado

4º.- DACIÓN CONTA INFORME DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2017 (EXPTE 460/2017)

Se da conta do informe da Secretaria-Interventora Adxunta, de data 28 de abril de 2017, que di:

INFORME 1º TRIMESTRE 2017 DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS LEI 15/2010

DETALLE DE PAGAMENTOS REALIZADOS E PENDENTES DE PAGAMENTO DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, se emite o seguinte informe,

ANTECEDENTES

1. O disposto no seguinte informe, é de aplicación a todos os pagamentos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ó contratista os xuros de mora así como a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Non obstante, débese estar ó disposto na Disposición Transitoria Sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que establece unha aplicación progresiva destes prazos para o pagamento previstos no artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Acompáñase un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local, que inclúe o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea a incumprir o prazo.

No devandito informe considéranse a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade de facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final deste.

3. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ó órgano competente da Comunidade Autónoma [*tales órganos poderán requirir igualmente a remisión dos citados informes*].

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Á vista diso, A Secretaria-Interventora Adxunta e Tesoureira emite o seguinte, **INFORME**

O Informe trimestral considera a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Xuros de mora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ó final do trimestre.

**Informe TRIMESTRAL de cumprimento de prazos Lei 15/2010
Detalle de Pagamentos Realizados e Pendentes de Pagamento da
Entidade**

Entidade: <u>Concello de Soutomaior</u>
Informe correspondente ó exercicio: <u>2017</u>
Trimestre 1º <u>1</u>

Pagamentos realizados no trimestre	Período medio pagamento (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagamentos realizados no trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra do período legal pago	
			Número pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en bens correntes e de servizos	22,06		607	425.395,73	0	0,00
Inversións reais	8		19	203.938,78	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	30		2	1.091,23	0	0,00
Sen desagregar	0		0	0,00	0,00	0,00
Total	17,53		628	630.425,74	0	0,00

Xuros de mora	Xuros de mora pagados no período	
	Número pagamentos	Importe total
	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE) (días)	Pendentes de pago a final do trimestre			
			Dentro período legal pago ao final do trimestre		Fóra do período legal pago ao final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en bens correntes e de servizos	9,42		123	107.243,14	0	0,00

Inversións reais	7,00		1	23.202,78	0	0,00
Outros pagamentos realizados por operacións comerciais	0		0	0,00	0	0,00
Pagamentos realizados pendentes de aplicar a orzamento	65,00		7	6.405,48	0	0,00
Total	11,61	0	131	136.851,40	0	0,00

Adxúntanse os listados contables

Do presente informe se de conta ao Pleno do Concello, e se proceda á inserción na páxina web do concello e se de traslado aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, e ao órgano competente da Xunta de Galicia a través do correo electrónico: 'tutela.entidades.localis@conselleriadefacenda.es'

O Sr. Alcalde di que non hai nada fóra do periodo legal.

O Pleno do Concello se da por enterado

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Documento asinado dixitalmente á marxe.